

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8/02/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Subvención Xunta de Galicia Axentes de Turismo.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:30** horas do día **8/02/2018** reúnen-se no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 25 de Xaneiro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes. --

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de CRISTINA MONTERO PAPÍN, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada número 307 de 5/02/2018) para proceder á realización de obras de acondicionamento do baixo-cuberta consistentes no recebo e recrecido do chan nunha vivenda (Parcela Catastral 8626707MH7582N0001KH),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de RAMÓN RIVAS RODRÍGUEZ, veciño de Fisterra con (Rexistro de Entrada número 270 de 30/01/2018) para proceder á realización de obras de reparación de fachadas, substitución da tella da cuberta e pintado das bufardas existentes nunha edificación (Parcela Catastral 8507714MH7580N),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de FRANCISCO JAVIER MEJUTO MUIÑO, veciño de Oleiros (Rexistro de Entrada número 221 de 24/01/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reforma da cociña dunha vivenda do Termo Municipal de Fisterra (Parcela Catastral 1247122MH8514N0061KV),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de DOBLE ELE, S.L., con CIF B-15099542 e domicilio social na Rúa Santa Catalina, 42 desta Vila (Rexistro de Entrada número 293 de 1/02/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de pezas e azulexos nos baños existentes na Tereceira Planta dunha edificación (Parcela Catastral 8609118MH7580N0001AT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

“Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **JUAN FRANCISCO LAGUÍA SEGURA**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 291 de 1/02/2018) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de auga potable conectando coa rede de abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha vivenda unifamiliar (Referencia Catastral 000301900MH75D0001XQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.- A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarse unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.- Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.- O interesado comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

Co fin de garantir a reposición do firme presentarse ante este Concello unha Fianza de Trescentos euros (300 €) .-

3º.- Subvención Xunta de Galicia Axentes de Turismo.-

Vista a Resolución do 2 de Xaneiro de 2018 dictada pola Axencia Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en rexime de concorrencia non competitiva de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2018, publicada no Diario Oficial de Galicia número 22 de 31 de xaneiro de 2018, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Solicitar da Axencia Turismo de Galicia, unha subvención polo importe de Cinco mil douscentos euros (5.200,00 €) para financiar persoal con destino ás Oficinas de Turismo dentro do Termo Municipal de Fisterra durante o periodo comprendido entre o día 15 de Xuño ó 15 de Setembro de 2018 cun gasto total previsto de contratación que ascende a cantidade de Oito mil douscentos vinte e catro euros con trinta e dous céntimos (8.224,32 €).-

O número de traballadores/as a contratar será dun total de dous, en réxime eventual laboral dado que este servizo está considerado de

carácter esencial pola finalidade a que se dirixe e cunhas retribucións salariais brutas previstas, en equiparación, dentro do Convenio Colectivo vixente aplicable a este persoal e publicado no Diario Oficial de Galicia número 195 de 6 Outubro de 2004.-

2) Financiar ás partidas orzamentarias que non resulten subvencionadas ao abeiro da citada Resolución e os/as traballadores/as a contratar terán algunha das titulacións establecidas no Artigo 1 das Bases Reguladoras da mesma.-

3) Remítase certificación deste acordo a citada Axencia acompañada da documentación a que se fai referencia no Artigo 4.5 da citada Resolución.-

4º.- Asuntos varios.-

Subvención Xunta de Galicia Fondo de Compensación Ambiental ano 2018

A vista da Orde do 21 de Decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018 destinadas a entidades locais de Galicia, publicada por parte de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicada no Diario Oficial de Galicia número 9 de data 12 de Xaneiro de 2018,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria explicativa para a contratación de dous auxiliares de Policía Local a xornada completa para desenvolver tarefas vinculadas ao medio ambiente cun custo total de contratación que ascende a cantidade de Catorce mil trescentos noventa e tres euros con dez céntimos (14.393,10 €) en concepto de Salarios e Cotas Empresa Seguridade Social durante a tempada de verán cun periodo de Catro meses (4) .-

2) Solicitar da Vicepresidencia, unha Subvención polo importe de Once mil cincocentos catorce euros con corenta e oito céntimos (11.514,48 €) equivalente o 80% dos gastos totais.--

3) Compromiso de aportación municipal polo importe de Dous mil oitocentos setenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (2.878,62 €) con cargo ó presuposto ordinario actualmente prorrogado.-

4) Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

Aprobación definitiva Padrón Fiscal Recollida de residuos sólidos urbanos ano 2018.

Examinado o expediente do **Padrón Municipal da taxa por recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos de 2018.**

Resultando, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (**Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro**) foi exposto ó público no **BOP número 245 de 28/12/2017 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 29/12/2017 ó 29/01/2018 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo non foron presentadas reclamacións.-**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Aprobar Definitivamente o Padrón Fiscal pola taxa por Recollida Domiciliaria de Residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos do ano 2018, para o seu cobro en período semestral nun importe total de “Cento cincuenta e sete mil novecentos vinte euros con setenta e oito céntimos (157.920,78 €) ”.

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación e que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a A. I. E. G.**, veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €)** para poder **afrontar gastos de primeira necesidade dos fillos da solicitante , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación e que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a B. J. C. M.**, veciño de Fisterra, **unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €)** para poder **afrontar gastos de transporte por motivo dos estudos en Cée, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación e que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. S. D. S.**, veciña de Fisterra, **unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €)** para poder **afrontar gastos de transporte por motivo dos estudos de Educación Secundaria en Cée, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

FACTURA SUBMINISTRACION

Unha vez examinada, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :**

1) Prestar a súa aprobación a Factura número FI18-013 de data 6 de Febreiro de 2018 polo importe de Trinta e dúas mil cincocentos doce euros con setenta céntimos (35.512,70 €) expedida pola Empresa Marcelino González Estévez con DNI 53.301.687S e domicilio social na Caella de Patres, 2 da Vila de Fisterra como adxudicatario da Subministración Luminarias LED Núcleo de Fisterra incluída dentro do Plan de Obras e Servizos da Excmá Diputación Provincial, Plan único de Concellos POS + 2017 (Código 17.31110.0171.0) .-

2) Remitir certificación deste acordo a dito Organismo Provincial coa finalidade do libramento da Subvención outorgada para dita finalidade.-

VADOS PERMANENTES **BAIXAS**

Visto o escrito presentado co número 3002 (RE) de 16/10/2017 por parte de **HERMANOS INSUA, S.C.**, con CIF: G-15.073.158 e domicilio na rua Alfredo Saralegui, 9 desta vila no que **solicita a baixa dos vados permanentes números 9/2003 e 6/2008** desta vila, toda vez que xa non se utilizan.

Resultando, que o día 16/10/2017, o titular entrega nas oficinas municipais as chapas identificativas dos vados permanentes números 041 e 082 xustificativas das correspondentes autorizacións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) **Acceder ao solicitado polo interesado dando de baixa no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial pola entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga do ano 2018 e sucesivos, referida aos vados permanentes números 9/2003 e 6/2008 que se localizan no baixo da rúa Alcalde Fernández desta vila.**

2º) **Notificar este acordo ao interesado, facéndolle saber que ao tratarse dun aproveitamento especial para a entrada de vehículos a través da vía pública; por parte deste concello, procederase, a través da brigada de servizos, a realizar as actuacións necesarias para restituir a beirarrúa ao seu estado primitivo.**

VENDA AMBULANTE **RENOVACIÓN ANUAL (1º TURNO)**

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello durante o ano 2018, ás persoas que de seguido se indican:**

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
2 6 MTS	SOUTIÑO PEREZ, Carmen	Caldas de Reis	663.1 ALIMENTACIÓN
13 8 MTS	LEMSAHRI MAJDAOUI, Khelifa	Arteixo	663.2 TEXTIL
17 12 MTS	LINARES SALAZAR, Esther	Cee	612.2 Plantas, Abonos, ...
19 12 MTS	VILA BLANCO, M ^a . Belén	Dumbria	663.1 ALIMENTACIÓN
23 8 MTS	FRANCO GONZALEZ, Manuel	Dumbria	663.1 ALIMENTACIÓN
25 7 MTS	BOURTAL BOURTAL, Abdelazize	Arteixo	663.2 TEXTIL
26 8 MTS	TUÑEZ CASTRO, José	Cee	663.2 TEXTIL
30 10 MTS	OTERO SANTANDRE, Lourdes	Teo	663.2 TEXTIL
35 7 MTS	EDDARYA, Ezzitounia	Santiago	663.2 TEXTIL
37 16 MTS	RAMOS ANTELO, Salustiano	Camariñas	663.2 TEXTIL
46 12 MTS	TALAA, Mohammed	Camariñas	663.2 TEXTIL
49 10 MTS	TALAA, Mohammed	Camariñas	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:40 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.